XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTENOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE:** D/Dª JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:** D/Dª MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vintenove de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, A SECRETARIA SUBSTITUTA. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- PROPOSTAS DE APROBACIÓN DE MERCAS DE TERREOS.**.-
Se aproba a adquisición directa, pola imposibilidade de concurrencia na licitación, da seguinte finca

- Finca sita na Avda. Conde Fenosa de 10.531 m^2 polo importe de 141.957,88 euros que se pagarán do seguinte xeito:

- 50.000 euros no ano 2016.
- 50.000 euros no ano 2017 (antes do mes de abril).
- 41.957,88 euros no ano 2018 (antes do mes de abril).

Que polo Sr. Alcalde se proceda, en nome e representación do concello á sinatura dos documentos precisos para formalizar a referida adquisición."

Se aproba a adquisición directa, pola imposibilidade de concurrencia na licitación, da seguinte finca

- Finca sita na Estrada de Castela –Alto de 71m^2 Polo importe de 1034,47 euros (MIL TRINTA E CATRO EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS).

3 **.- PROPOSTA PARA DAR CONTA DA APROBACIÓN DE CONVENIOS PARA O ANO 2016 E DA APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE CONVENIOS DO ANO 2015 (CON ENTIDADES DEPORTIVAS)**.- Vista a proposta formulada que di asi: O administrador-xerente, con data 27 de decembro de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:

*"**INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA DAR CONTA DA APROBACIÓN DE CONVENIOS PARA O ANO 2016 E APROBACIÓN DE XUSTIFICACIÓNS DE CONVENIOS DO ANO 2015***

De conformidad co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto formúlase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

O Concello de Narón, ao longo do ano 2016, co obxecto de posibilitar un crecemento sostido e equilibrado das Entidades Deportivas do municipio, asinou convenios de colaboración, para levar a cabo dito crecemento, potenciando e difundindo a imaxe do noso Concello a través de ditas Entidades.
A aprobación dos convenios e a súa xustificación, é competencia da Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía de data 17 de xuño de 2015 (Acordo recollido na acta do Pleno do día 19-06-2015).
Con motivo da urxencia de aprobación dos convenios coas entidades mais abaixo relacionadas, así como da xustificación doutros convenios do ano 2015, esta alcaldía abocou a dita delegación, aprobando os ditos convenios e os gastos que deles se derivan, mediante Resolución da Alcaldía, quedando pendente dar conta das citadas aprobacións á Xunta de Goberno Local.

- ***Aprobación de Convenios:***

Convenios para actividades:

ENTIDADE	***CONVENIO***	***DATA APROBACIÓN DO CONVENIO***	***IMPORTE CONVENIO***
S.D.R.C O Freixo	*Trofeo de Futbol*	*R.Alcaldía – 13-12-2016*	***2.000,00 €***
S.D.R.C O Freixo	*Trofeo de Futbol Sala*	*R.Alcaldía – 13-12-2016*	***1.000,00 €***
Moto Club Fojeteiros	*Concentración Moteira*	*R.Alcaldía – 21-12 2016*	***10.000,00 €***
Club Arco Narón	*Actividade Xeral Tiro con Arco*	*R.Alcaldía – 26-12-2016*	***18.500,00 €***

- ***Aprobación de Xustificación de Convenios 2015***

ENTIDADE	***CONVENIO***	***DATA APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN***	***IMPORTE CONVENIO***
Club A Fervenza F.S.F	*Convenio de Futbol Sala Feminino*	*R.Alcaldía – 19-12-2016*	***5.000,00 €***
Club Arco Narón	*XIII Trofeo C.de Narón de Tiro con Arco - 2015*	*R.Alcaldía – 19-12-2016*	***1.301,59 €***

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).*
- *RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.*
- *Lei 30/1992, de réxime xurídico e procedemento administrativo común.*
- *Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.*
- *R.D. 887/2006 de 21 de xullo, que aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.*
- *Lei 9/2007 de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.*
- *Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o regulamento da Lei 9/2007.*
- *Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de execución do orzamento en curso.*

C) INFORME-PROPOSTA

Polo exposto anteriormente, proponse dar conta á Xunta de Goberno Local, da aprobación dos Convenios e xustificacións, citados anteriormente

Non obstante, á Xunta de Goberno Local, adoptará o acordo que estime máis oportuno"

Logo de ver o dito Informe - Proposta do administrador-xerente, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía , de data 2 de xullo de 2015

PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DO ANO 2016 COA ASOCIACIÓN VIRXE DE FATIMA..- Dase conta da seguinte resolución: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García ,en data 16 de decembro de 2016, ditou o informe-proposta de aprobación pola Alcaldía, que textualmente dí:
"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Asunto: Proposta de aprobación da xustificación Total, aprobacion de gasto e orden de pago do convenio do ano 2016 coa entidade Asociación de Veciños de Fátima.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscrebe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :

ANTECEDENTES.

En data 29-9-2016, apróbase en Xunta de Goberno Local o convenio de colaboración coa entidade Asociación de Veciños Virxe de Fátima do ano 2016 en materia de Participación Cidadá.

En data 28-10-2016, a Asociación de Veciños Virxe de Fátima presenta a xustificación da anualidade 2016, a cal se complementa con posteriores requirimentos e presentación da documentación esixida, tal como consta no expediente.

En data 15-12-2016, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa favorablemente a xustificación total do convenio do ano 2016 coa entidade Asociación de Veciños Virxe de Fátima.

Visto que a Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia, e que a periodicidade para celebrar sesión é semanal, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente co fin de non causa perxuicio a terceiros, debido ás operacións de peche do exercicio contable 2016.

Visto que o art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de noviembre, de réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que "Os órganos superiores poderán avocar para sí o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan convinte.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 39/2015, de 1 de octubre, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de Execución do vixente orzamento.
- Convenio Asinado coa Asociación de Veciños Virxe de Fátima.
- Informe favorable xustificación do convenio de 15-12-2016

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, Propón a Alcaldía a adopción da seguinte Resolución de Alcaldía:

1ºAvocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a aprobación da xustificación total, aprobacion de gasto e orden de pago do convenio do ano 2016 coa entidade Asociación de Veciños Virxe de Fátima.

2ºAprobar a xustificación total do convenio do ano 2016 en materia de Participación Cidadá coa entidade Asociación de Veciños Virxe de Fátima.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

3º Aprobar o gasto derivado do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación de Veciños Virxe de Fátima, en materia de Participación Cidadá, por importe de 5.300,00€ para o cal existe orzamento na aplicación 19/92400/48000 operación contable RC/2222/16, en concepto de xustificación total.

4º.- Ordenar o pago por importe 5.300,00€ a Asociación de Veciños Virxe de Fátima, con C.I.F:G-15402290 con cargo ao orzamento destinado na aplicación 19/92400/48000 operación contable RC/2222/16.

5º.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local."

Logo de que por parte da Intervención Xeral foi fiscalizado de conformidade (doc INT10I1DZ de 21-12-2016) o informe proposta da xefa do Servizo Sociocomunitario do 16-12-2016 (SSO10I2CT) deixando constancia da observación que consta no apartado 5º deste informe, esta Alcaldía, no uso das atribucións que se lle confire a lexislación vixente,**Resolve:**

-Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos**.**
A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

5 **.- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DO ANO 2016 COA ASOCIACIÓN CHAFARIS.**.- Dase conta da seguinte resolución: **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García ,en data 20 de decembro de 2016, ditou o informe-proposta de aprobación pola Alcaldía, que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL.
Asunto: Proposta de aprobación da xustificación parcial, aprobacion de gasto e orden de pago do convenio do ano 2016 coa entidade Asociación de Veciños Chafaris.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscrebe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :

ANTECEDENTES.

En data 29-9-2016, apróbase en Xunta de Goberno Local o convenio de colaboración coa entidade Asociación de Veciños Chafaris do ano 2016 en materia de Participación Cidadá.

En data 28-10-2016,a Asociación de Veciños Chafaris presenta a xustificación da anualidade 2016, a cal se complementa con posteriores requirimentos e presentación da documentación esixida, tal como consta no expediente.

En data 15-12-2016, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa favorablemente da xustificación parcial do convenio do ano 2016 coa entidade Asociación de Veciños Chafaris.

Visto que a Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia, e que a periodicidade para celebrar sesión é semanal, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente co fin de non causa rperxuicio a terceiros, debido ás operacións de peche do exercicio contable 2016.

Visto que o art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de noviembre, de réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que "Os órganos superiores poderán avocar para sí o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan convinte.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de Execución do vixente orzamento.
- Convenio asinado coa Asociación de veciños Chafarís.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- Informe favorable xustificación do convenio de 15-12-2016

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, Propón a Alcaldía a adopción da seguinte Resolución de Alcaldía:

1ºAvocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a aprobación da xustificación parcial, aprobacion de gasto e orden de pago do convenio do ano 2016 coa entidade Asociación de Veciños Chafaris.

2ºAprobar a xustificación parcial do convenio do ano 2016 en materia de Participación Cidadá coa entidade Asociación de Veciños Chafarís.

3º Aprobar o gasto derivado do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación de Veciños Chafarís, en materia de Participación Cidadá, por importe de 3.772,25€, para o cal existe orzamento na aplicación 19/92400/48000 operación contable RC/2223/16, en concepto de xustificación parcial.

4º.- Ordenar o pago por importe 3.772,25€ a Asociación de Veciños Chafarís con C.I.F:G-15402290 con cargo ao orzamento destinado na aplicación 19/92400/48000 operación contable RC/2223/16.

5º.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local."

Logo de que por parte da Intervención Xeral foi fiscalizado de conformidade (doc INT10I1DY de 21-12-2016) o informe proposta da xefa do Servizo Sociocomunitario do 20-12-2016 (SSO10I2CS) deixando constancia da observación que consta no apartado 9º deste informe, esta Alcaldía, no uso das atribucións que se lle confire a lexislación vixente, **Resolve:**
-Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos**.**

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6 **.- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS CARGOS DE PROTECCIÓN CIVIL : 40/15, 43/15 E 44/15.**.- Dase conta de varias resolución aprobando eses cargos.

7 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2016, DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.**.-

Se aproba o padrón fiscal correspondente ás taxas pola utilización de instalacións deportivas, do mes de **setembro de 2016**, cun importe de 5.045,85 euros e 45 recibos.

Segundo: De acordo co disposto no artigo 75 da ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto o público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá desde o 16 de xaneiro ata o 16 de marzo de 2017, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Terceiro: Durante o periodo de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos estabelecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemente Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Quinto: Proceder ao cobro, por vía telemática a través do Caderno 19, dos recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2016, DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.**.-

Se aproba o padrón fiscal correspondente ás taxas pola utilización de instalacións deportivas, do mes de **outubro de 2016** por un importe de **6.955,65 €** e 50 recibos.

Segundo: De acordo co disposto no artigo 75 da ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto o público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá desde o 16 de xaneiro ata o 16 de marzo de 2017, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Terceiro: Durante o periodo de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos estabelecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemente Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Quinto: Proceder ao cobro, por vía telemática a través do Caderno 19, dos recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:16 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo a secretaria substituta que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE	A SECRETARIA SUBSTITUTA
Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ	Asdo.- MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es